

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN FUNCIÓNS O DÍA 6 DE XUÑO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguinredo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día seis de xuño do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local en funcións, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguinredo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 26 DE MAIO DE 2023 E DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE MAIO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria e urxente celebrada en data 26 de maio de 2023 e da sesión ordinaria celebrada en data 30 de maio de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinaria e urxente realizada en data 26 de maio de 2023, e ordinaria celebrada en data 30 de maio de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, da aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia

municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2023 para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023. BOP núm. 102, do 31.05.2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2023. BOP núm. 103, do 01.06.2023.

- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 15 de maio de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia, para o desenvolvemento do proxecto PIMA cambio climático para a realización de accións de mitigación e adaptación ao cambio climático, e se procede a súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2023 (código de procedemento MT975O). DOG núm. 104, do 02.06.2023.

- Anuncio da Oficina do Censo Electoral, Delegación provincial da Coruña, Instituto Nacional de Estatística, eleccións a cortes xerais 2023: publicación de seccións, mesas e locais electorais. BOP núm. 105, do 05.06.2023.

- Resolución de Augas de Galicia, de 25 de maio de 2023, pola que se modifica a Resolución de 23 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento AU301D). DOG núm. 105, do 05.06.2023.

- Anuncio da Oficina do Censo Electoral, Delegación provincial da Coruña, Instituto Nacional de Estatística, eleccións a cortes xerais 2023: substitución da relación de seccións, mesas e locais electorais a cortes xerais 2023. BOP núm. 106, do 06.06.2023.

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, de constitución xunta electoral de zona da Coruña para eleccións xerais. BOP núm. 106, do 06.06.2023.

- Anuncio da Xunta Electoral provincial da Coruña, de constitución xunta electoral provincial. Eleccións xerais xullo 2023. BOP núm. 106, do 06.06.2023.

- Resolución da Axencia de Turismo de Galicia, de 24 de maio de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a establecementos e servizos turísticos de xestión pública e/ou privada, nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE, ao obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TU970A). DOG núm. 106, de 06.06.2023.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 759,37 EUROS CONSTITUÍDA EN METÁLICO NO EXPEDIENTE NÚMERO 2020/C004/000005, PARA O “SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DAS RUTAS DE SENDERISMO DO PROGRAMA “VENTE DE MARCHA” A CELEBRAR POLO DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE CAMBRE PARA OS ANOS 2020 E 2021, CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGA ANUAL AOS ANOS 2022 E 2023”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 1 de xuño de 2023 (CVD: X9jIQlBldYKiIYDSxPP), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA EN FUNCIÓNS DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato do “Servizo de desenvolvemento das rutas de senderismo do programa “Vente de marcha” a celebrar polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023”, foi adxudicado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 27.04.2020, á empresa CAMPING OS FIEITAS, S.L., no prezo ofertado de 18.376,85 euros (IVE incluído), sendo formalizado con data 10.11.2020.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída en metálico, depositado na Tesourería municipal con data 08.09.2020 por importe de 759,37 euros con número de rexistro 956.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, don José Luis Martínez Názara, con data do 04 de maio de 2023, (CVD: mnskzuwiULtPlxNTI0G6) no que entre outras cousas sinala:

“(…)Visto que con data 27.10.2020 a Xunta de Goberno local adoptou acordo no que se adxudicou a contratación do servizo de organización das rutas de senderismo do Programa “Vente de Marcha” a celebrar polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre nos anos 2020 e 2021, con opción de prórrogas anuais nos anos 2022 e 2023, á empresa Camping Os Fieitás SL

Visto que a entidade exerceu a prórroga do ano 2022, co beneplácito do concello, que a estimou oportuna.

Visto que con data 03.11.2022, e número de rexistro 202299900006111, Camping Os Fieitás SL, a través do seu representante, D. Carlos Jesús Fiuza Miranda, presenta escrito no que solicita se estudie a posibilidade de actualizar prezos (suba dun 20%) á situación actual de suba dos custes de tódolos produtos e servizos xerais e que, no caso de non producirse suba algunha, a entidade adxudicaria non exercería a posibilidade da derradeira prórroga á que tería dereito.

Visto que non é posible a actualización de prezos estimada pola empresa dunha suba solicitada do 20% do contrato, xa que de conformidade co establecido na cláusula 27 do PCAP que rexen este contrato e co establecido no art. 204 da LCSP e cláusula Segunda, apartados 1.1) e 1.4) do PPT, o contrato poderá modificarse, pero ditas modificacións terán como límite o 10% do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Visto que a entidade adxudicataria exerce o seu dereito a non solicitar a prórroga e tendo transcorrido o prazo de garantía do servizo, e a teor do establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o técnico informante, como responsable do contrato, fai constar:

1.- que non se formula ningunha obxeción, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución da garantía definitiva constituída por importe de 759,37 euros.(…)

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 209/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 29 de maio 2023, de carácter favorable (CVD: NxEhNFbi5MBPsdFpR5Ec).

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 759,37 euros constituída en metálico pola entidade Camping Os Feitas, S.L., con CIF B36484988, no expediente número 2020/C004/000005, para o “Servizo de desenvolvemento das rutas de senderismo do programa “Vente de marcha” a celebrar polo departamento de Xuventude do Concello de Cambre para os anos 2020 e 2021, con posibilidade de prórroga anual aos anos 2022 e 2023”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 1 de xuño de 2023 (CVD: X9jIQIBildYKiYDSxPP), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA POR IMPORTE DE 757,51 EUROS CONSTITUÍDA NO EXPEDIENTE NÚMERO 2020/C004/000009, PARA O “SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DE DIVERSAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE CAMBRE”.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 2 de xuño de 2023 (CVD: IWQaRMWzECSJyybdg9UL), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA EN FUNCIÓNS DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que o contrato do “Servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre” foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.08.2020, á empresa 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Gallega, no prezo ofertado de 18.331,83 euros (IVE incluído), o cal foi formalizado con data 11.09.2020.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva constituída mediante aval da entidade BANCO DE SABADELL, S.A. de data 16 de xullo de 2020 por importe de 757,51 euros (inscrito no rexistro especial de avais co número 10001188612), depositado na Tesourería municipal con data 17 de xullo 2020 con núm. de rexistro 945.

Visto o informe emitido pola entón enxeñeira técnica de obras públicas municipal, Elena Bartolomé Delanoë, con data do 03 de febreiro de 2023, (CVD: UHKo1DZTCj3tqNbXUkYv) no que entre outras cousas sinala:

“(…)Tendo transcorrido o prazo dun mes de garantía desde a recepción da obra, e a teor do establecido no artigo 27 del PCAP e nos artigos 102, 222.3 y 235 do TRLCSP e Disposición transitoria 1ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público o técnico informante fai constar:

1.- Que por parte do informante non se formula ningunha obxección, polo que pode considerarse extinguida a responsabilidade do contratista e levar a cabo a devolución do depósito definitivo constituído por importe de 757,51 €.(…)

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 212/2023 emitido polo Interventor Municipal con data do 31 de maio 2023, de carácter favorable (CVD: unroHkdRipHdlpgVFC4H).

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva por importe de 757,51 euros constituída pola entidade 3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Gallega, con CIF F70380167, no expediente número 2020/C004/000009, para o “Servizo de control de calidade de diversas obras públicas do Concello de Cambre”.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 2 de xuño de 2023 (CVD: IWQaRMWzECSJyybdg9UL), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E DO PLAN DE RESIDUOS PRESENTADOS POLA EMPRESA “OBRAS GALLAECIA, S.L.”, PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA “MEJORA FUNCIONAL Y LA ACCESIBILIDAD DEL PARQUE RAMÓN BARBA. FASES 1 Y 2”. (EXPEDIENTE: 2022/C003/000011).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local en funcións, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 2 de xuño de 2023 (CVD: RsUDiE1ujD4s9HI8/rpC), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA EN FUNCIÓNS DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000011 para a contratación da obra “Mejora funcional y la accesibilidad del parque Ramón Barba. Fases 1 y 2”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa “Obras Gallaecia, S.L.”, formalizándose o correspondente contrato con data 24 de maio de 2023.

Visto o plan de seguridade e saúde da obra presentado pola empresa adjudicataria con número de rexistro de entrada 202399900003698, de data 30/05/2023.

Visto o informe favorable emitido con data 30 de maio 2023 (CVD: dZXvO//8Y/7XWDWI1gaG) pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López no que entre outras cousas sinala:

(...)Visto el informe favorable emitido por el Coordinador de Seguridad y Salud para la aprobación del Plan de Seguridad y Salud aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (registro de entrada 202399900003698, de fecha 30/05/2023), y en función del art. 7.2 del “Real Decreto 1627/1997 por el que se establecen las disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción”, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, se propone:

- *Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.*

(...)

Visto o Plan de Residuos elaborado pola empresa adjudicataria “Obras Gallaecia, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre do día 08 de marzo de 2023 con número (202399900001277).

Visto o informe favorable emitido con data 25 de maio 2023 (CVD: lco3t8qrDkl1dA1ynfV5) pola arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López no que entre outras cousas sinala:

(...)Visto que el Plan de Gestión de Residuos aportado por la empresa contratista de la obra de referencia, con el visto bueno del director de obra, Víctor José Couto Gómez, arquitecto colegiado COAG 3.754, (registro de entrada 202399900003520, de fecha 24/05/2023), y en función del art. 18.2 del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares que han servido para la adjudicación de la misma, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, al considerarlo conforme a lo estipulado en el RD 105/2008 por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición, y a la Orden MAM/304/2002 por la que se publican las operaciones de valoración y eliminación de residuos y lista europea de residuos; y por lo tanto, se propone:

- *Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa “Obras Gallaecia, S.L.”, para a execución da obra denominada “Mejora funcional y la accesibilidad del parque Ramón Barba. Fases 1 y 2”. (expediente: 2022/C003/000011).

Segundo: Aprobar o Plan de Residuos presentado pola empresa “Obras Gallaecia, S.L.”, para a execución da obra denominada “Mejora funcional y la accesibilidad del parque Ramón Barba. Fases 1 y 2”. (expediente: 2022/C003/000011).

Terceiro: Notificar este acordo á empresa “Obras Gallaecia, S.L.”, a dona María Morán Castillo e a don Víctor José Couto Gómez, arquitectos, directores desta obra e responsables do contrato, á empresa coordinadora de seguridade e saúde (Gallega de coordinaciones, S.L.) como á de control de calidade (3C Calidad y Control, S.C.G) e dar traslado á arquitecta técnica municipal para a súa constancia e a efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos en funcións de data 2 de xuño de 2023 (CVD: RsUDiE1ujD4s9HI8/rpC), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local en funcións das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de maio ao 1 de xuño de de 2023, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras en funcións núm. 921/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social en funcións núm. 971/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
921/2023	26-05-2023	Devolver o aval bancario núm. 3278-105691 formalizado por T SAU, e depositado o día 19 de xaneiro de 2022 por VDSP, SLU, na Tesourería municipal, con núm. de rexistro 1050, por importe de 100.597,00 €, como garantía das obras de urbanización para frontes de parcela rúa Nobel, Marconi e Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo de conformidade coa licenza núm. 2021/U022/000059 concedida por resolución núm. 83/2022 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 21 de xaneiro de 2022 para as obras de construción de nave loxística con oficinas e aparcadoiro en superficie e coa comunicación previa núm. 2022/U022/000058



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		presentada para a urbanización dos frontes de parcela das rúas Marconi 2-12, Isaac Peral 8-14 e Nobel 3-11
922/2023	26-05-2023	Aprobar a relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración xeral interinos cos aspirantes que superaron a fase de oposición e coa puntuación acadada, ordeada de maior a menor no conxunto do concurso-oposición para poder ser utilizada segundo se establece na base décima das que rexen esta convocatoria
923/2023	26-05-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 5/2023 por importe de 68.245,65 euros
924/2023	26-05-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 6/2023 por importe de 104.179,92 euros
925/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 10 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMRE, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
926/2023	26-05-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de maio de 2023
927/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 2 para o ano 2023, solicitado polo seu titular PFR, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
928/2023	26-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 2 para o ano 2023, solicitado polo seu titular PFR, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución.
929/2023	26-05-2023	Aprobar a adhesión ao Programa SON de BARES de NDC para a realización dun evento coincidindo co aniversario do seu establecemento, na rúa exterior ao seu local El Var, segundo o plano que consta no expediente, o día 27/05/2023, coa actuación musical de Eric Hidalgo, en horario de 13:00 a 15:00 e de 19:00 a 21:00 horas, por cumprir cos requisitos establecidos
930/2023	29-05-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a PAS, dado que pola súa discapacidade se lle reconece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos
931/2023	29-05-2023	Conceder a JMSV a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova disposición final segunda incluída na ordenanza reguladora
932/2023	29-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades educativas do 2º trimestre do curso escolar 2022-2023: meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023, que comprende 12 recibos dun total de 12 persoas participantes e os importes correspondentes que deberán aboar por un importe total de 337,50 €
933/2023	29-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a PGG para que repare os muros existentes na parcela sita en Muíño Vello, Pravio, por

		atoparse nun deficiente estado de conservación, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
934/2023	29-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 10 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMRB, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
935/2023	29-05-2023	Conceder a licenza a SI, S.L. para o cambio de uso do local comercial do edificio sito na rúa Amil, Cambre a vivenda, con licenzas de obras concedidas por acordos de Comisión de Goberno de datas 8 de xuño de 1990 e 6 de abril de 1995, licenzas nº 01/161/1990 e nº 01/137/95
936/2023	29-05-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 4 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JMGM, e anotar a tal efecto o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución
937/2023	29-05-2023	Conceder a licenza a TM ^{AL} para rehabilitar e ampliar a vivenda unifamiliar sita no lugar de Castro, parroquia de Bribes, en solo cualificado como non urbanizable interior a núcleo rural nas Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre e como núcleo rural tradicional no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente
938/2023	29-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de maio 2023 que comprende 240 recibos e 124 cotas cero por un importe total de 1.245,70 €
939/2023	29-05-2023	Autorizar a JJMBD, titular da licenza de taxi número 10 a substituír o vehículo có que presta servizo matrícula 3725-LJN polo vehículo 6453-MDC.
940/2023	19-05-2023	Devolver o aval definitivo depositado por M ^D PL para garantir a correcta execución da obra urbanizadora correspondente a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, licenza de obra nº. 2021/U022/20, por importe de 12.670,73 euros, segundo resguardo de Tesorería nº 989 de data 24 de marzo de 2021, unha vez constatada a correcta execución da mesma
941/2023	19-05-2023	Conceder ao funcionario de carreira DMLB o anticipo de 3.000 euros como así se establece no artigo 36 do acordo regulador, a devolver en vinte e catro meses, por un importe de 125 euros cada mensuralidade e a descontar a partir do mes de xuño de 2023
942/2023	30-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 40. 809,56 euros
943/2023	30-05-2023	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos, formulada por BBP, e recoñecer o seu dereito á devolución dun importe de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		394,80 euros aboados en concepto de taxas por ocupación de vía pública, correspondentes 378,00 euros á ocupación do espazo en rúa Castiñeiro, os días 18, 19 e 21 de febreiro de 2022 ao non estar totalmente libre o espazo reservado, non sendo posible a súa utilización para o fin da reserva, e 16,80 euros correspondentes ao espazo ocupado por un vehículo na zona de reserva o día 17 de febreiro de 2022
944/2023	30-05-2023	Aprobación de certificacións núm 7 a 9 por importe de 4.374,34 euros "Acondicionamiento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo. Cambre
945/2023	30-05-2023	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 119.964,73 euros a prol de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do primeiro cuadrimestre do ano 2023
946/2023	30-05-2023	Rectificar o parágrafo primeiro da parte dispositiva da Resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social número 909/2023, do 24 de maio
947/2023	30-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 18/2023 por importe de 9.000,00 euros financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
948/2023	30-05-2023	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de abril de 2023 e da produtividade do primeiro trimestre de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento por un total 130.165,96 €. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de abril de 2023 e da produtividade do primeiro trimestre de 2023 por importe de 27.989,97 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de maio de 2023 por un total de 873,75€
949/2023	30-05-2023	Inscribir a unión non matrimonial entre DPP e SMC no Rexistro Municipal de Unións non matrimoniais do Concello de Cambre, co número 02/2023 (Expediente número 439.02/2023), con efectos do 30 de maio de 2023
950/2023	30-05-2023	Delegar na concelleira en funcións dona María Dolores Pan Lesta para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de VMS e SND
951/2023	30-05-2023	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada DRM para a reconstrución dun treito de 5 m lineales do cerramento existente lindeiro norte da finca, composto dun muro de bloque de 1.10 m de altura e malla metálica de 0,60 m de alto en Amil, Cambre, ao terse informado desfavorablemente pola arquitecta técnica municipal con data 6 de xuño de 2022, por sobrepasar en 10 cm. a altura máxima permitida para os cerramentos polos artigos 41 das Normas subsidiarias de planeamento e 44.1 do Plan parcial de protección interior de Amil-Toural (PE-0501. Ordenar a NFS e DRM para que procedan a demoler o cerramento existente na finca sita en de Amil

		Cambre, sen título habilitante, ao non ser as ditas obras legalizables, tal como quedou acreditado nos fundamentos xurídicos desta resolución, de acordo co disposto polo artigo 152.3 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
952/2023	30-05-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada por MCBG xa que non transcorreu o período de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, ao longo do cal non poderá ser beneficiaria segundo o disposto no artigo 6 nomeado
953/2023	30-05-2023	Ordenar a MJPV que axuste as obras denunciadas consistentes na construción dun peche, en Souto, á comunicacion previa número 2022/U026/000029, ao non ser as mesmas legalizables por non gardar o recuamento establecido de 4,50 m do eixo do camiño publico 1C.1.0296 e superar a altura maxima permitida polo anexo 6 das Normas subsidiarias Municipales de Planeamento que é de 1 m
954/2023	31-05-2023	Aprobar as certificacións de obra lote 1 Cambre (certificacións núm. 11 a 13) "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo O Temple, mediante implementación de soluciones led"
955/2023	31-05-2023	Persoarse como parte demandada no recurso contencioso administrativo, procedemento abreviado núm. 0000036/2023 perante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 1 da Coruña, exercitando este Concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a calquera dos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica aos Entes Locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña, publicado no BOP nº 245 de 25 de outubro de 1988.
956/2023	31-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
957/2023	31-05-2023	Aprobación de certificacións 14 e 15 lote 3 O Temple - mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, polígono do Espiritu Santo e O Temple, mediante implementación de soluciones led" por importe de 112.018,68 euros
958/2023	31-05-2023	Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por EMFC por canto que quedou acreditado que as obras consistentes nunha soleira de formigón e pavimentación con empedrado quedaron legalizadas coa comunicación previa presentada no expediente 2022/U026/000087, a grella ten máis de seis anos de antiguidade e non se constata a existencia de ningunha tubaxe que desaugue á parcela colindante. Desestimar o recurso de reposición presentado nos restantes aspectos, por canto que se constatou que no novo anexo realizáronse obras que implicaron un aumento de volume, con respecto ao existente no ano 2014, que non son legalizables, ao exceder das obras de mantemento e conservación, únicas autorizables nunha edificación en situación de disconformidade parcial co plan, polo cal débese ordenar a demolición das citadas obras de ampliación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

959/2023	31-05-2023	Nomear a VEPC educadora social interina encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A-2 e adscrito á Área de Servizos Sociais en substitución transitoria de APSV, de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
960/2023	31-05-2023	Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2021-2022, en relación ao pagamento da terceira achega. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 3.638,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro co CIF G15324700 en concepto de terceira achega do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2021/2022, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria
961/2023	31-05-2023	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.5) do convenio asinado coa ANPA Fendetestas do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2021/2022.
962/2023	31-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
963/2023	31-05-2023	Arquivar o expediente número 2022/I002/000072, incoado a empresa E y O M SL polos actos de acopio e movementos de terras nas parcelas sitas en rúa zeppelin Cecebre, posto que como queda acreditado no expediente a terra acumulada que deu lugar ao inicio do presente expediente retirouse e a altura do terreo non foi modificada.
964/2023	31-05-2023	Arquivar o expediente número 2019/I004/000009 incoado a FPM polos polos vertidos de augas residuais que se están a realizar sen autorización ao camiño público nº 1C.1.0262 proveniente da finca sita en Peirao, Ribes, posto que como queda acreditado no expediente non se observa a existencia de vertidos de augas residuais ao camiño público municipal 1.C.1.0262 e os orificios do peche da parcela, dos que procedían as augas residuais tapáronse on morteiro de cemento
965/2023	31-05-2023	Conceder licenza a ACET para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita no lugar da Rocha, parroquia de Anceis, en solo cualificado como de núcleo rural e solo urbano de vivenda unifamiliar extensiva no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente
966/2023	31-05-2023	Arquivar o expediente número 2022/I002/000066, incoado a PMSS pola construción dun peche sen axustarse á comunicación previa número 2022/U026/000259, en Souto, Anceis, posto que como queda acreditado no expediente as obras denunciadas foron subsanadas

967/2023	01-06-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
968/2023	01-06-2023	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a MRG con data 24/02/2023, por mor do seu falecemento
969/2023	01-06-2023	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a IHP, con data 20/03/2023, por mor do seu falecemento
970/2023	01-06-2023	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada por AFF, dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos
971/2023	01-06-2023	Denegar a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, solicitada por CCC dado que pola súa discapacidade non se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificulten a utilización de transportes colectivos

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente en funcións

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo